

Negociacións do XIII convenio estatal de centros de asistencia e educación infantil etapa 0-3

Logo de máis dun ano de “negociacións”, coas patronais instaladas no inmovilismo e no involucionismo e as OO.SS estatais na pasividade, agora as primeiras propoñen a segregación do convenio en dous coa finalidade de precarizar aínda máis as condicións laborais e salariais do sector, proposta que foi rexeitada pola CIG-Ensino e algunha outra organización sindical.

Mesa de negociación 6ª do 29/03/2023

Nesta mesa “negociadora” do XIII convenio estatal de centros de asistencia e educación infantil etapa 0-3, celebrada o pasado 29/03/23, a patronal maioritaria (ACADE), xunto con outras que suman máis do 50% de representatividade, propuxeron a **segregación do sector en 2 convenios: centros de**

xestión directa (privados) e centros de xestión indirecta (públicos). Con este cambio de rumbo no convenio, logo de máis dun ano de “negociacións” estériles e de clara perda de tempo e falta de respecto ao persoal traballador, todas as patronais en conxunto fan as seguintes propostas salariais e laborais:

XESTIÓN DIRECTA (privadas)

	Mestras - persoal complementario- cargos	Educadoras	Resto de persoal
ANO 2022 e até o 31/08/23	Conxelación salarial (IPC do 2022 foi do 5,7%)		
Curso 23/24	Suba 1%	Incremento a 1.100€/mes	SMI (agora 1080€/mes)
Curso 24/25	Suba 1%	Incremento a 1.150€/mes	Aplicación do SMI
Curso 25/26	Suba 1%	Incremento a 1.200€/mes	Aplicación do SMI

XESTIÓN INDIRECTA (públicas)

	Mestras - persoal complementario- cargos	Educadoras	Resto de persoal
ANO 2022 e até o 31/08/23	Conxelación salarial (IPC do 2022 foi do 5,7% e o do 2021 do 6,5%, cando a suba de 2021 só foi do 3,1%, perdendo o 3,4% de poder adquisitivo; total 9,1% de perda e atrasos de 2 anos)		
Durante os tres cursos seguintes	Suba 4% anual	Suba do 6% anual	Suba do 6% anual (mínimo o SMI)

Só terían garantidos estes salarios anualmente o persoal traballador dos centros que renovaran concurso ou concesión pasados 2 meses de publicadas estas táboas salariais no BOE, polo que o resto só terían un 1% anual nos cursos 23-24 e 24-25. No curso 25-26 todo o persoal, renovaran ou non concesións, cobrarían polas táboas máis altas; repetiríanse as dobres táboas salariais do XII convenio.

Xunto a estas dúas táboas salariais, privadas e públicas, irían as seguintes propostas laborais adaptadas a cada tipo de xestión:

- Incapacidades temporais, recortando máis as compensacións ao 100%.
- Vacacións e permisos, recortando días nos mesmos e dereitos.
- Flexibilidade na xornada, sacando a referencia máxima semanal e aumentando as horas anuais das mestras/es.
- Gratuidade por fillo/a, limitándoa máis (%) e recortándoa (50% no pago).
- Cláusula de descolgue salarial, facilitando acollerse a ela ás empresas.
- Endurecemento do réxime disciplinario, ao que chaman actualización.
- Adaptación Reforma Laboral, obrigado por lei.

A CIG-Ensino rexeitou esta proposta patronal por insuficiente, inxusta e inxustificada, por querer seguir mantendo a precariedade salarial e afondar na involución de dereitos sociais e laborais do persoal traballador e máis logo do esforzo que fixeron na pandemia, que non se recoñece. Esiximos unha vez máis un cambio de rumbo ás patronais, instaladas no inmovilismo e no involucionismo, así como ás OO.SS estatais a abandonar a pasividade e o entreguismo á patronal. Denunciamos que seguimos o mesmo camiño do XII convenio.

Reivindicación salarial da CIG-Ensino, por coherencia sindical co defendido sempre:

-Retroactividade desde xaneiro do 2022 co 5.7%, as demoras “provocadas e permitidas” na mesa negociadora son responsabilidade dos maioritarios e xa son estratexias de mal pagador e negociador, que se normalizan.

-Cláusula de revisión salarial ao IPC acumulado de decembro de cada ano, que evite perder poder adquisitivo futuro e máis coas inflacións actuais, que dificultan chegar a fin de mes ao persoal traballador.

Mesa de negociación 7ª do 27/04/2023
Rexeitada a segregación do XIII convenio en dous (xestión directa e indirecta), como pretendían as patronais do sector, tal e como defendeu a CIG-ensino na mesa negociadora xunto con algunha das demais OO.SS.

Nesta mesa a patronal maioritaria comezou pedindo posicionamento das OO.SS sobre a segregación ou non do convenio actual en dous, sendo só unha negativa clara, sen aclaracións, a dun sindicato xunto coa CIG-Ensino, pois os demais só decidiron non apoiar esa proposta das patronais por non haber un consenso moi maioritario.

Posicionamento na mesa negociadora da CIG-Ensino sobre a segregación do convenio en dous diferenciados: un para xestión directa e outro para xestión indirecta

Logo de ser consultada a nosa base social, a representación sindical nos centros de Galiza, así coma nos organismos de decisión internos do sindicato, entendemos que a segregación do convenio é **NEGATIVA E INJUSTIFICADA**.

-Camiñar cara igualar táboas salariais (xestión indirecta), ou como máximo coa diferenza de 20/30€ que historicamente houbo, pois a igual traballo ten que corresponder igual salario e máis agora que hai gratuidade para todas, polo menos na Galiza. **O diferencial das educadoras coas categorías máis baixas (SMI) é o xusto, sobre 100€.**

-As mestras/es, persoal complementario e cargos suba do 5% anual mínimo, así coma aos **Centros de Obras Sociais e Fundacións**, a aplicar sobre os seus salarios actuais, tendo como mínimos as de xestión indirecta, no camiño de igualalas todas.

Sobre a segregación do convenio en dous diferenciados, a CIG-Ensino posicionouse na seguinte mesa unha vez tratado coa súa base social e representación sindical do sector así coma nos organismos de decisión do sindicato, deixando claro o seu posicionamento en mesas anteriores, sendo os únicos, de **camiñar cara unhas únicas táboas salariais e condicións laborais** e iso defenderémolo tanto se hai un convenio coma se se decide segregar en dous.

A CIG-Ensino entende que o dito de “divide e vencerás”, é o camiño elixido polas patronais, polo que sempre defenderemos o mellor para o persoal traballador como xa manifestamos nas mesas negociadoras **reivindicando a unidade das táboas salariais á alza e dos dereitos**, máis cando na Galiza están equiparados coa gratuidade os 2 tipos de xestión de centros.



É negativa, porque a división prexudica ao máis débil (privada ou xestión directa) e neste caso, na Galiza, crea competencia desleal coa xestión indirecta, sendo unha ameaza para os postos de traballo nas mesmas; polo que as dúas xestións saírían mal paradas na parte social e a patronal máis reforzada do que xa está e se lle permite. **É inxustificada e incoherente**, porque a división iría en contradición co defendido, polas mesmas organizacións que estamos nesta mesa negociadora, noutros convenios da ensinanza (XV de atención á discapacidade, VII de perruquerías, escolas de música e de artes aplicadas...) que contan ambos con centros distintos, con distintas funcións e incluso categorías e están no mesmo convenio. Preguntámonos: o convenio da concertada será o seguinte en segregar?

Continuidade das negociacións deste XIII convenio:

A patronal tomou a palabra, deixando de lado a segregación do convenio en dous e expondo que “comezan unhas novas negociacións”. **Deciden manter a proposta feita pero só para centros de xestión directa, e a de xestión indirecta retíranla** ao tela feito en base a que se dividira o convenio en dous.

Nesta situación de convenio único propoñen que **a dualidade de xestión debe quedar recollida dentro do mesmo convenio (dous convenios nun)**, con modificacións en determinados artigos segundo se aplique a xestión directa ou indirecta, **ao igual que a dualidade actual nas táboas salariais**. De non ser así, para as empresas manter a unificación actual suporía unificar táboas salariais tamén, pero conxelando as de xestión indirecta até que as outras as pillen ou equiparen... (ACADE).

Pola parte social, **os sindicatos estatais aceptaron negociar esta dualidade, tanto nas dobres táboas salariais, como no resto do articulado que propoña a patronal**. Rexeitaron a proposta de xestión directa esixindo melloras na parte salarial por insuficiente, desligándoa do resto de propostas noutros dereitos que propuxo a patronal por involutivos, pero con disposición a negociarlos nos termos da súa plataforma conxunta; e reclamaron manter o modelo de táboas de xestión indirecta segundo se renoven os pregos ou non e con distintas porcentaxes de suba (táboas A,B e C, coma no 2019).

Desde a CIG-ensino mantivémonos na nosa coherencia sindical, mantendo o defendido na anterior mesa e **rexeitando estas propostas por involutivas, inxustas e até discriminatorias, ao querer tratar o persoal como de primeira ou de segunda**, con salarios e condicións laborais distintas segundo onde traballe: xestión directa ou indirecta. Denunciamos a **falta de respecto por parte da patronal** ao querer comezar unhas novas negociacións despois de sete reunións sen avances, así como **o conformismo ou rendición dos sindicatos estatais maioritarios**, cando levamos máis dun ano de “negociacións” e de perda de tempo.

Rexeitamos o modelo de renovación de pregos, por discriminatorio (táboas A, B e C) entre traballadores/as de centros do mesmo tipo de xestión indirecta. Xa o dixemos en 2019 demandando porcentaxes moito máis altas para non perder poder adquisitivo ou negociar antes do remate do convenio as novas táboas salariais para

anos vindeiros, xusto o contrario do que se está a facer, que só prexudica as persoas máis vulnerábeis.

Por último, ante este bloqueo constante nas negociacións, fixemos un chamamento á responsabilidade dos sindicatos maioritarios e patronais para **dar resposta canto antes a un sector, que xa dixo moi claro en 2019, con mobilizacións e presión social, que este convenio só pode ir nunha dirección: melloras laborais, sociais e salariais**, é dicir, un convenio digno. Non queremos que se volva chegar tarde, mal e arrastro á presión social.


Próximas mesas: 18 de maio (xornada e IT) e 29 de maio (táboas e artigos xestión indirecta)

Reivindicacións sociais e laborais da CIG-EnsinO sobre o articulado actual

Consulta a Plataforma reivindicativa da CIG-EnsinO para o XIII convenio nesta nova na web:



Ou contacta co teu local comarcal:



Por un marco galego de relacións laborais

Dende a CIG-EnsinO defendemos un Marco Galego de Negociación como única vía de negociación real, na que non se suplante as traballadoras/es por cúpulas sindicais e onde se defendan os seus intereses, non se vendan nin intercambien, sendo vós quen decidades sobre as vosas condicións laborais para poder dignificar o sector cun convenio galego xusto e digno. Para isto **precisamos máis representación sindical, para reforzar o noso modelo reivindicativo e combativo, fronte ao pactista e entreguista das demais OO.SS estatais**.

COA CIG SOMOS MÁIS FORTES



Confederación Intersindical Galega

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal